

XESÚS FRANCO: *Contra mar*

Galaxia, Vigo, 1995

Premio Martín Códax 1995

Teresa Seara

*abriuse o fumazo e apareceu o **MAR***

louvado, temido, odiado

Deste xeito case teatral -cun telón de brétema que se abre para amosar o escenario no que se desenvolverá a singradura- tomamos contacto cun espacio que, desde os primeiros versos, aparece connotado negativamente. Xa no propio título - *Contra mar*- se nos avisa que se vai levar a cabo un exercicio desmitificador sobre o elemento máis romanticamente descrito de toda a literatura universal: o mar.

Perante a presenza do océano, o eu poético amósase escindido en dúas persoas ou voces: a terceira -que observa desde o peirao e que pode pertencer ó vello mariño do poema final- e a primeira que, situada no barco, vive a singradura nas súas carnes como un gume de medo e dor pois, quizais, esta é a súa primeira viaxe iniciática.

Dende o comezo

houbo un home a cada banda,

muda linguaxe de olladas

entre o peirao e o barco

(...)

Ab initio

imposible diálogo

nun encontro repetido

en calquera lugar do mundo

A primeira persoa abrangue tamén, na súa reflexión sobre experiencias universais, á colectividade pois vai vivir situacións comúns a todos os mariñeiros, independentemente da súa época histórica e procedencia xeográfica ou racial.

Igualmente, a viaxe que imos desenvolver non designa só unha ruta lineal senón que contén todas as singraduras posibles, de final feliz ou trágico, efectuadas desde o comezo dos tempos por ese mar que sempre se amosa como temible, dominante, caprichoso. A comparación da vida cunha singradura permite xeneralizar sobre sentimentos de dúbida, medo, odio, desorientación que todos, algunha vez, temos sentido e que son habituais ó mariño. Malia coñecermos este feito nunca podemos negarnos á partida, pois somos impelidos pola nosa propia natureza cara á auga, que non é só fonte de vida -recordemos o simbolismo do mar como líquido amniótico- senón tamén elemento que nos conducirá, na barca de Caronte, ata a última morada:

*así vivín navegacións
que debo contar en plural
porque todos levamos dende o berce
unha trisca da arca bíblica
adianto da de Caronte*

Levamos inscrita, pois, nos xens unha predestinación atávica que nos obriga a ceder perante o influxo maléfico dun mar infernal, egoísta, manipulador que, a través da figura de Poseidón-tormenta, nos afasta da paz infantil para submerxirnos nun mundo deshumanizado onde non somos máis que unha peza sen valor

*mentres ó través
restas na carta
convírtome naquel
que preto do berce
sente a Poseidón
arredando o seu barco*

No primeiro contacto con ese mar espectral, tenebroso, o eu poético devala entre tres sentimentos. Desde o abraio perante a súa realidade grandiosa -perfectamente reflectido no poema "*Homenaxe*"-, loubanza efémera, evolúe deseguida cara o medo e o odio. O temor cerca ó mariñeiro na media noite cando, durante as solitarias gardas de "12 a 4", o mar amosa a súa faciana máis sobrenatural e afloran, xunto cos afogados, seres de outras dimensións -fantasmas, sereas, Escila e Caribdis, o

holandés errante... O silencio e a escuridade absolutos crean no eu poético unha fonda desazón existencial que o mantén alerta, á espreita, pois séntese ameazado por algo intanxible que virá dun mar "*plasma voraz sen ventre nin moral*". O odio vai nacendo desde o máis fondo e conleva unha mensaxe de advertencia para os que se ven tentados de deixarse seducir polas artes dun mar-serea:

A TODOS

os que vedes os océanos

con estética de pintor

¡ADVÍRTOVOS!

esa bucólica estampa

contén máis crimes

que imaxinar poidades

O mariño intégrase no barco como único terreo estable a que aferrarse na alta mar e, así, este convírtese non só en casa e punto de apoio senón tamén, en certa medida, no seu corpo. O barco é un espacio ambigüo -"*nin terra nin mar, nin fogar nin desexo*"- onde rexen uns instrumentos técnicos que, malia a súa continua evolución e especialización científica, non serven de moito perante a furia desatada do mar. O home asume a súa fragilidade nese ámbito hostil e sabe que calquera instante pode implicar, co desguace da nave, a súa mesma morte: "*e chegas ó fin / ó desguace, / como todo*". A incorporación ó barco conleva integrarse na súa engrenaxe, sendo a consciencia dese carácter de peza substituíble o que acaba por anular totalmente ó home como ser racional -"*... o home abandona ó home / mergullado na engrenaxe*". Mais, o adormecemento da racionalidade permítelle tamén, a xeito de adrenalina que reactiva as funcións instintivas, vencer ese terror que o agarrota e loitar contra o mar inhóspito.

Só cando a consciencia da fragilidade é demasiado grande -nas gardas nocturnas- a tentación de deixarse envolver nas ondas e ir ata o fondo, cara ese lugar intemporal onde esmorecen outros mariños e barcos, non pode ser vencida. O navegante convértese así en alimento dun mar antropófago, unha vez naufraga o barco vital que construíra. Séntese entón fillo de Tetis (figura ambivalente que representa as augas da vida -fontes, ríos- e da morte -lagoa Estixia- e que se conforma como a divindade das profundidades oceánicas, temida por Zeus e Poseidón, sempre fugaz e cambiante gracias ó seu poder para convertirse en auga, fogo e animais salvaxes) pois o seu desafío ós deuses saldouse coa unión destes para levalo ó fracaso, temerosos do seu poder

*O MARIÑO un deus
da caste de Tetis
sentencia no caos
constructor do BARCO
esterco do **MAR***

Ás dúbidas existenciais que atormentan ó navegante véñse sumar tamén o doloroso recordo da terra abandonada, máis sentido, se cabe, perante a visión da illa, falso sucedáneo dela. Entendida como unha ilusión bana, a illa só ofrece unha perspectiva de futuro coa volta á singradura, por iso constitúen unha tentación mortal para o mariño e relaciónanse coas sereas como anuncios dunha morte suicida. Este cúmulo de factores converte a navegación non só en técnica senón tamén en azar, aventura, medo, viaxe inevitable

*ciencia, intuición, técnica, risco,
desarraigo, azar, tolemia, paixón,
aventura, devecer...
todo isto é navegar*

A estes perigos aínda engade o mar -ameaza sempre presente- as mostras da súa cara máis cruel: os afogados. Como monstro caníbal, o mar nítrese dos seus corpos que nunca devolve á terra deixando así sen respostas ós que esperan. Este mar devorador -"MARE TENEBRARUM"- é un oco sen materia, o baleiro máis absoluto, un ladrón que só cuspe despoxos: vellos mariñeiros sen folgos, restos dos barcos fundidos e podres. As esixencias do mar chegan ata a roubarlle ó mariño momentos cruciais na súa vida: asistir ó nacemento dun fillo ou a presenza do seu corpo no propio funeral. Chega a ser tal o medo ante este espírito demoníaco que nunca se nomea senón que se recorre a eufemismos para designar a súa realidade:

*O vello mariñeiro
xubilado
da Costa da Morte
non volveu pronunciar a palabra*

que acocha a vinganza

dille "esa", "aló", "aquele"

A victoria inexorable do mar é un xeito de democratización que iguala, desde sempre, a todos os pobos e razas na súa fin, sexa cal for a forma de se enfrontaren á viaxe ou a súa característica individualizadora. Do mesmo xeito caen baixo o gume da súa gadaña todo tipo de barcos -de pesca e recreo, grandes e pequenos, lanzais e pesados- pois, xa na linguaxe mariña, o termo "*derrota*" conleva a dualidade semántica de representar a ruta escollida e o fracaso:

Sisudos xermanos e xubilosos latinos

fríos escandinavos e laboriosos xaponeses

destemidos británicos e piratas malaíos

rexos esquimós e lizgairos guineanos

destros maorís e teimudos chilenos

irmáns meus, mariños

de todos os tempos

arestora

afogados

iguais

Perante o poder do mar todo é silencio, nunca hai respostas e a impunidade con que actúa non pode ser controlada sequera pola divindade xa que nin Deus é quen de manexar un poder tan infernalmente tiránico. A falta de respostas ante feitos como o destino dos barcos perdidos e a sorte dos seres que ían neles é un desacougo que sobrecolle tanto ós que esperan,

Na colexiata de Cangas unha muller mira o Cristo

todas as tardes

o crucificado olla pra ela e non resposta

todas as tardes

¿saberá Deus o que pasou co "MONTROVE"?

silencio

como ós que navegan, pois, sempre está presente o cruel recordo dos afogados que nos precederon. Doi, sobre todo, a perda da súa memoria, desas vivencias tan necesarias para os que se inician nas singraduras e que nunca poderán compartir con nós. Pero tamén fere a consciencia de que, inexorablemente, algún día vai ter lugar o reencontro con eles -"cando axexo o **MAR**/ síntovos fitándome/ ¿agardádesme?"- xa que están esperando por nós para celebrar un sacrificio tan trágico e inútil como o de Cristo pero igual de inevitable:

a piques de naufragar, choraba

o vello nostromo

bicando a medalla do Sagrado Corazón

o vello nostromo

véxome morto entre augas

cos brazos abertos

reencarnado en Deus ausente

cos brazos abertos

Non só perigos físicos axegan ó navegante senón que o mar tamén nutre un mundo fantasmagórico propio que actúa como elemento de distorsión e morte. O mariño-Ulises é tentado por perigos e divindades mentres busca o camiño ata a "cobizada Ítaca porto inalcanzable". Terá que enfrontarse, na súa travesía, ás tormentas de Poseidón, ó escuro veleiro do holandés errante -en continua partida de dados co demo- que o conduce ó naufraxio, ós cantos enganosos das sereas guiándoo a unha morte suicida... Todos os perigos que comporta o mar fan ó home consciente da súa proximidade cos pobos antigos, pois, malia os adiantos tecnolóxicos, enfróntase ó mar co mesmo desvalimento dos mariñeiros ancestrais e queda igual de exposto á súa vinganza. Este medo nace do coñecemento e non da inconsciencia, por iso é posible, a través da fermosura salvaxe do mar, chegar a axexar no fondo a súa verdadeira natureza e presentir a derradeira singradura:

Navegando de noite

na garda de 12 a 4
lonxe da costa
fúndense as tebras dentro de min

a escuras ollando pra bóveda
imaxino a derradeira singradura

a morte
un burato negro no Cosmos
onde a vida troca o senso
¿serán as estrelas almas fuxidías?
¿as nosas reencarnacións?

O mar é espacio de subversión que difumina todos os límites e así chega a converterse en vehículo de comercio ilícito, de contrabando, pois só nel é posible obtér a liberdade máis absoluta. Para ser mariño hai que posuír un alto grao de rebeldía - como os piratas e amotinados- que obriga a intentar, en cada momento, roubarlle o control a un mar que, aínda nos seus instantes de maior debilidade -a baixamar-, sempre amosa as súas raposeiras artes

non acepto a disciplina do vergallo
igual ca ti piloto amotinado
canto de rebeldía en voz de Byron
non hai norma que coute a liberdade
*dos que van polo **MAR**, ese asasino*

Finalmente, tense certa desazón perante o remate da singradura pois, aínda cando o mar permita o regreso á terra, séntese que ese demesurado esforzo foi inútil. A viaxe foi circular e despois de tanto sufrimento só podemos volver ó mesmo punto que se deixara, máis fráxiles e temerosos da nova partida anunciada no fracaso da singradura.

*o **MAR** riuse de min
tantas esteiras a popa
navegando en ceavogas
para volver ó principio*

Vigo

E así, despois desta viaxe iniciática, coñecendo e sufrindo todas as caras do mar, é posible comprender mellor a súa cruel realidade. Recoñecer que só desde a vivencia da singradura se pode entender a epopea marítima xa que os libros non son quen de amosar a verdadeira natureza deste mar-asasino, cemiterio sementado de corpos e naves, que sempre nos chama, mensaxe que non podemos desoír pois levamos no sangue impresa a fatalidade do noso destino como pobo mariñeiro. Só nos ollos do navegante canso -ese que efectúa diariamente o ritual da visita vespertina á costa- será posible ver que, baixo unha fermosa aparencia, agocha o mar un pasado de crimes e durezas, a derrota máis estremecedora e inexorable.

*Non busques a epopea do **MAR**
nos manuais literarios
nin Diarios de Navegación

mirade nos ollos xubilados
dese home que olla pra ría
todas as tardes
antes de voltar
derrotado á casa*

Anuario de estudios literarios galegos, [4], 1995, pp. 221-226